

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 17 de xuño de 2009 pola que se modifica a Orde do 11 de marzo de 2009, na cal se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca e se establece a súa convocatoria para o ano 2009, e se fai pública a ampliación do importe existente para a concesión das ditas axudas.

A Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, e se convocan para o exercicio 2009 (DOG nº 55, do 20 de marzo), establece no seu artigo 4 o importe da contía máxima das axudas que ao abeiro desta poderán ser concedidas.

Ante o contexto da actual situación económica do sector pesqueiro, con problemas non só coxunturais senón tamén de carácter estrutural, as medidas de carácter socioeconómico adquiren unha maior relevancia. Neste contexto, e á vista de que hai uns remanentes destas axudas do ano 2008, levouse a cabo unha incorporación de fondos con estes remanentes non utilizados, incrementando a dotación inicialmente prevista para as axudas de carácter socioeconómico.

Consecuentemente, o importe inicialmente dotado para a Orde de axudas do 11 de marzo de 2009 pode ser incrementado, o que permitirá destinar as axudas a un maior número de beneficiarios.

Tendo en conta o indicado no artigo 4.3º da Orde do 11 de marzo de 2009, o crédito inicial poderá ser ampliado en función das disponibilidades orzamentarias sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario na orde que se publique para o efecto.

Considerando todo o dito anteriormente, cómpre ampliar o importe da contía máxima das axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida Orde do 11 de marzo de 2009 coa finalidade de destinar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por outra banda, a Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca e se establece a súa convocatoria para o ano 2009, establece o prazo de presentación de solicitudes correspondentes á prima non renovable e á prima pola saída do sector pesqueiro (xubilación anticipada) ao longo de todo o exercicio orzamentario.

Razóns de índole de xestión, tendo en conta o tempo de tramitación destas axudas, aconsellan establecer como data límite de presentación destes dous tipos de axudas o 15 de agosto de 2009.

Por todo o exposto, e no uso das facultades que me foron conferidas

DISPOÑO:**Artigo 1º**

Amplíase o importe da contía máxima das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2009 (DOG nº 55, do 20 de marzo) en 2.009.653,72 euros, con cargo á aplicación 14.03.723A.780.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes, sen prexuízo do indicado no seguinte artigo para as medidas de xubilación anticipada e prima non renovable.

Artigo 2º

O parágrafo primeiro do artigo 12 da Orde do 11 de marzo de 2009 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 12º.1

1. O prazo de presentación das solicitudes para as axudas previstas na letra B -prima pola saída do sector pesqueiro (xubilación anticipada)- e letra C -prima non renovable- remata o día 15 de agosto de 2009».

Disposición derradeira

Única.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

Orde do 15 de xullo de 2009 pola que se derroga a Orde do 17 de abril de 2009, pola que se convocan as axudas para a execución dos plans extratécnicos zonais aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos grupos de acción costeira.

A Orde do 17 de abril de 2009 pola que se convocan as axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos grupos de acción costeira, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 89, do 8 de maio de 2009, para a súa aplicación, precisa da previa selección e recoñecemento como entidades colaboradoras de grupos de acción costeira, de acordo co regulado na Orde do 17 de xullo de 2008 pola que se convoca concurso de selección de grupos de acción costeira, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 144, do 28 de xullo de 2008.

No día da data diferentes causas, entre as cales se poden sinalar problemas de constitución, ou de recoñecemento como asociacións, impediron a resolución do procedemento iniciado coa Orde do 17 de xullo de 2008, polo que non existe resolución da conselle-

ría determinando as asociacións seleccionadas e recoñecidas como grupo de acción costeira.

Neste estado de cousas resulta imposible a tramitación, xestión e resolución do procedemento establecido para estas axudas na Orde do 17 de abril de 2009, por canto os grupos de acción costeira, como entidades colaboradoras, son parte insubstituíble no procedemento, polo que resulta conveniente e axeitada a derogación da mencionada norma, así como proceder a unha nova convocatoria destas axudas unha vez que se resolva definitivamente o proceso aberto pola Orde do 17 de xullo de 2008.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Derrógase a Orde do 17 de abril de 2009 pola que se convocan as axudas para a execución dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aos grupos de acción costeira, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 89, do 8 de maio de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2009.

Rosa Quintana Carballo
Conselleira do Mar

AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

Resolución do 13 de xullo de 2009 pola que se ordena a publicación do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do concello de Taboadela.

O día 2 de xullo de 2009 a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística e o Concello de Taboadela asinaron o convenio de adhesión dese concello á Axencia.

De conformidade co establecido no artigo 9.1º dos estatutos da Axencia aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2009.

Hipólito Pérez Novo
Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

En Santiago de Compostela o dous de xullo de dous mil nove.

Intervenien:

Dunha parte, Manuel Gallego Vila, alcalde do Concello de Taboadela, provincia de Ourense, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Hipólito Pérez Novo, director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18 dos estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

Expoñen:

1º A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, no seu artigo 226, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da Axencia a Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela. A incorporación dos municipios realizarase a través do correspondente convenio de adhesión, que deberá obter a aprobación previa do Pleno da Corporación e do Consello da Xunta de Galicia e será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

Os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística foron aprobados polo Decreto autonómico 213/2007, do 31 de outubro, e publicados no *Diario Oficial de Galicia* número 222, do 16 de novembro.

2º O Concello de Taboadela ten atribuídas competencias en materia de disciplina urbanística, en virtude do disposto no artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 10, determina que a Administración local e as demais administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración, coordinación e respecto aos ámbitos competenciais res-